

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A DIVULGACIÓN DA CULTURA CHINESA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

DECLARA:

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 1 ano dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña para dinamización e divulgación da cultura chinesa no Campus da Coruña, enmarcadas dentro das desenvolvidas pola consellería no Programa de profesorado voluntario chinés.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

